

“Tod@s @s nen@s nacen artistas. O problema é como seguir sendo artistas ao medrar”



Como mestra de Educación Artística sempre teño presente esta frase deste gran pintor e escultor, e como quero que sigades sendo uns artistas...

TODOS OS VENRES propoño actividades para que fagades nas vosas casas. Só tedes que acceder á páxina web do colexio e... mans á obra!

Dentro delas, hai **DÚAS ACTIVIDADES OBRIGATORIAS** a entregar antes do 1 de xuño. Estes son os enlaces para que poidades velas.

- Facer un instrumento caseiro con material reciclado.
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippastorbarral/node/281>
- Elaborar un maio, ben sexa de maneira tradicional ou con material reciclado.
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippastorbarral/node/322>

Ao rematar as actividades, tedes que enviarme unha foto ao meu correo electrónico: malenapapin@gmail.com


As/os nenas e nenos que xa mo enviastes NON TEDES que facelo de novo!

Lémbrovos como acceder aos contidos de música e plástica na páxina web:

1. Entramos na páxina web do colexio e facemos clic sobre Educación Artística situada, como vedes na imaxe, na marxe dereita no bloque de alumnado.



2. Ábrese unha nova pestana e xa aparece música e plástica por separado. Agora só tedes que facer clic nunha materia ou na outra e poderedes ver todas as actividades propostas dende que me incorporei, o 23 de marzo.



Calquera dúbida ou suxerencia podedes escribirme ao meu correo electrónico.

Déixovos tamén este enlace para consultar a adaptación da programación de Educación Artística.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceippastorbarral/node/353>

Un biquiño moi forte para eses pequenos e pequenas e moito ánimo, xa queda menos!!

